

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

*RESOLUCIÓN do 8 de novembro de 2024 pola que se modifica parcialmente a Resolución conxunta do 1 de xullo de 2024, pola que se adxudican as axudas da Orde conxunta do 27 de decembro de 2023 que estableceu as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente no ámbito das universidades do SUG pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e procedeu á súa convocatoria para o exercicio de 2024 (códigos de procedemento ED481A e IN606A).*

A Orde do 27 de decembro de 2023 (DOG núm. 35, do 19 de febreiro de 2024), conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

Estas axudas foron adxudicadas pola Resolución do 1 de xullo de 2024 (DOG núm. 133, do 10 de xullo).

A Orde do 27 de decembro de 2023 establece no seu artigo 20 que se poderá adxudicar unha nova axuda de acordo coa prelación sinalada na lista de espera sempre e cando a renuncia se produza antes do 30 de setembro de 2024.

No mesmo artigo 20 establécese que para cubrir estas renuncias se seguirá a prelación das listas de agarda definidas no artigo 11.7, tendo en conta que soamente poderán ser cubertas coas solicitudes da lista de espera do órgano instrutor en que se produza a renuncia. A persoa substituta quedará suxeita ás mesmas condicións e polo tempo restante de aproveitamento da axuda.

De acordo co anteriormente exposto,

**RESOLVO:**

Primeiro. Aceptar as renuncias presentadas ás axudas de apoio á etapa predoutoral da Resolución do 1 de xullo de 2024 (DOG 133/2024, do 10 de xullo) que se indican a seguir:



Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Data de renuncia
ED481A-2024-031	USC	Rodríguez	Lemus	Beatriz	Non asina
ED481A-2024-063	USC	Faílde	Fiestras	Alejandro	Non asina
ED481A-2024-174	USC	Castelo	Mourelle	Samuel	Non asina

Segundo. Conforme o artigo 20.2 da orde de axudas (poderase adxudicar unha nova axuda de acordo coa prelación sinalada na lista de espera, sempre e cando a renuncia se produza antes do 30 de setembro de 2024) e con base no cadro do punto 1 anterior, adxudicar as axudas correspondentes ás persoas da lista de agarda con data de comezo prevista para os contratos do 1 de decembro de 2024:

Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona de estadía	Puntuación
ED481A-2024-075	USC	Cuntín	Broullón	Iván	3	79,2431
ED481A-2024-141	UDC	Dafonte	Rodríguez	Pedro	3	79,2188
ED481A-2024-065	USC	Pérez	Espinazo	Sofía	3	78,6815

Terceiro. A distribución resultante seguinte por universidades:

Aplicación orzamentaria	Univer-sidade	Nº axudas	Proxecto	Crédito (en euros)					
				2024	2025	2026	2027	2028	Total
37.02.561B.444.0	UDC	10	2023 00074	41.249,79	216.332,25	223.130,09	248.162,22	247.144,15	976.018,50
			2016 00129	19.950,21	34.067,75	73.269,91	13.087,78	35.605,85	175.981,50
37.02.561B.444.0	USC	60	2023 00074	265.831,98	1.312.660,10	1.340.172,18	1.495.305,24	1.442.141,50	5.856.111,00
			2016 00129	128.568,02	204.139,90	456.627,82	77.194,76	209.358,50	1.075.889,00
37.02.561B.444.0	Uvigo	20	2023 00074	91.666,20	439.997,80	446.956,00	499.490,40	473.926,60	1.952.037,00
			2016 00129	44.333,80	68.002,20	149.044,00	25.509,60	69.073,40	355.963,00
Total SUG		90		591.600,00	2.275.200,00	2.689.200,00	2.358.750,00	2.477.250,00	10.392.000,00

Cuarta. Pechar a lista de agarda.

Quinto. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante



a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2024

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional  
P.D. (Artigo 12 da Orde 27.12.2023)  
José Alberto Díez de Castro  
Secretario xeral de Universidades

CVE-DOG: 0u3wecw9-rz94-8ar4-2yx5-jctqa7akvec5

